

## PINTANDO CON DAVID

Estos días realizouse na escola un proxecto para decorar o patio pequeno do aulario. A iniciativa xurde das ganas das mestras por darlle cor ao muro do patio no que os nenos saen a facer actividades de xardinería.

Desde o centro decidimos contactar con David, un rapaz do pobo que pinta paredes pola rúa cun grupo de compañeiros ([Camborios Art Crew](#)). Falando coa dirección e cos docentes, decídese que sexa o propio alumnado os que lle dean cor ó muro, e David tamén propón a iniciativa de usar materiais reciclados para abaratar costes ao centro. Isto foi posible grazas a colaboración altruísta de dous comerciantes do pobo e a aportación de pintura e material por parte de Gus, un compañeiro de David co que viñan de realizar unha actividade similar, no colexio Rosalía de Castro en Pol ( Lugo), no que se decorou o patio interior coa participación dos nenos/as.

Unha vez decidida a idea, feito o boceto e despois de plasmala na parede, chegou a hora de actuar os pequenos/as. As mestras organizáronse para ir saíndo por quendas, e o muro comezou a coller cor.

Para David “O obxectivo do mural é crear un espazo vistoso e colorido no que os nenos/as participen activamente na decoración”. Para a comunidade educativa a actividade resultou moi gratificante, ilusionándonos moito a todos e especialmente aos pequenos que poideron aportar o seu graíño de area.

Este tipo de proxecto fomenta tanto a creatividade a nivel individual así como o colaboracionismo e o traballo en equipo, axuda a empatizar e a compartir tempo cos propios compañeiros/a e ademais é unha maneira sinxela, atractiva e enriquecedora de embelecer os muros dos coles que na súa maioría están vestidos de gris.

Para que os nenos/ as estiveran cómodos/as realizando a pintura, a idea do boceto tiña que estar orientada aos intereses dos alumnos/as, así que David optou por usar os personaxes que xa tiña creados o centro, de forma que parecera que eran os propios personaxes os que pintaran o mural. Según David, “ Os nenos e nenas teñen deste xeito liberdade de expresarse a través da pintura de disfrutar de pintar nun gran formato e divertirse coas brochas e os rodillos”.

O final da obra é un mural onde se distingue a obra realizada polos pequenos/as e os retoques realizados a spray por David, pero que xuntas crean unha armonía entre cor e trazo. David dinos: “ Persoalmente foi enriquecedor compartir tempo e experiencia con estes loquiños baixiños, que me fixeron disfrutar coma un pequeno máis e que espero poder repetir. E quero dar grazas a dirección do centro pola oportunidade brindada, as mestras e a Alfredo pola súa involucración, os comerciantes e a Gus pola pintura, a Martiña unha compañeira voluntaria pola súa inestimable colaboración, e como non, grazas ós nenos”

Desde o centro, grazas a David pola súa aportación desinteresada para que o proxecto se levase a cabo e a todos os que se implicaron.

Grazas a **Editorial Anaya** polo personaxe “Mero”, a **Cuento a la vista** polos personaxes de “A cidade de cores” e a [Fiandola](#) pola música.

Contacto **David Valiño: 628 28 10 90**